

## ORDE POLA QUE SE CONVOCA Á PARTICIPACIÓN CON ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS NO ÁMBITO DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO 1ª FASE- PROGRAMA DE ÁREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DO PLAN DE VIVENDA E REHABILITACIÓN 2009 – 2012.

**Obxecto** : outorgar axudas para a rehabilitación dos inmobles situados na área de rehabilitación integral (ARI) dos Camiños de Santiago

**¿Quen pode solicitar?** : as persoas físicas que promovan obras para rehabilitación, xa sexa individualmente ou a través de comunidade de propietarios e que reúnan os requisitos seguintes:

- Deben contar con título suficiente para poder realizar as obras (título de propiedade, título de arrendamento con autorización para facer obras...).
- Destinarse a domicilio habitual e permanente durante, polo menos, 5 anos (da persoa propietaria ou inquilina).
- Non poden incurrir nas prohibicións establecidas no artigo 10 da Lei 10/2007, de subvencións de Galicia (non estar en concurso de acreedores, non haber de sido condenado coa prohibición de poder acollerse a axudas..)
- Estar ó corrente das obrigas tributarias.
- Ademais, só no caso de que se trate da rehabilitación de elementos privativos dos edificios-vivendas os ingresos familiares ponderados non poderán exceder de 6,5 veces o IPREM.

Nº membros unidade familiar	6,5 IPREM no Concello de Santiago de Compostela
1	53.925,51€
2	60.666,20€
3	64.710,61€
4 ou mais	69.332,80€

### **Requisitos do inmobile:**

- Ter unha antigüidade superior a 10 anos
- Estar situado no ámbito da ARI dos Camiños de Santiago
- Coa solicitude deberase xuntar un informe do Concello no que se indique que a vivenda está situada no ámbito específico.
- Non haber recibido axudas para as mesmas actuacións nos 10 anos anteriores.

### **Actuacións protexibles:**

- Obras no edificio: (tamén chamado exterior ou elementos comúns)
  - Para mellora da seguridade.
  - Para mellora da estanqueidade.
  - Para mellora da accesibilidade.

Para mellora da eficiencia enerxética.

Para utilización de enerxías renovables.

- Obras nas vivendas: (tamén chamado interior ou elementos privativos)

Para mellora da habitabilidade.

Para mellora da seguridade.

Para mellora da accesibilidade.

Para mellora da eficiencia enerxética.

#### **Orzamento protexible:**

O importe das obras. Inclúense todos os gastos necesarios, agas os gastos financeiros cos seguintes límites:

Máximo: Precio básico nacional por m<sup>2</sup> útil de vivenda (ano 2011 = 758 €)

Máximo protexible 90 m<sup>2</sup> útiles por vivenda.

É dicir, o máximo protexible para 2011 será 758 x 90 = 68.220 €

Mínimo: 1.000 euros por vivenda.

#### **Contía da axuda:**

##### **Con cargo a fondos finalistas do Ministerio de Fomento:**

40% do gasto subvencionable. Máximo 5.000 euros por vivenda resultante da rehabilitación.

##### **Con cargo a fondos propios do IGVS. (Adicionais)**

40% do gasto subvencionable. Máximo 5.000 euros por vivenda resultante da rehabilitación.

É dicir, a axuda máxima pode chegar ós 10.000 euros.

Considérase gasto subvencionable o gasto efectivamente xustificado e pagado.

#### **Opción do préstamo convido:**

Coa solicitude para obter a cualificación provisional das actuacións a realizar, **quen así o desexe**, pode solicitar o recoñecemento a obter préstamo un préstamo convido coas entidades financeiras que asinaron convenio co Ministerio de Fomento, polo importe entre a diferenza do orzamento subvencionable e a subvención.

O préstamo concédese polo banco nas condicións do convenio asinado co Ministerio e a obtención do préstamo ten incidencia na obtención da subvención posible.

#### **Procedemento :**

Primeiro:	Solicitude (nos modelos normalizados) de participación na convocatoria; solicitude de cualificación provisional de actuacións protexibles, (neste
-----------	---

	<p>solicitud é fundamental expresar o tipo de obras e o seu prazo previsto de execución, e para isto deberase ter en conta que a fin prevista deberá estar situada nos anos 2012 ou 2013 que será o momento en que se pague a axuda). A documentación precisa sinálase no anexo I.</p> <p>Solicitud de préstamo convido, <b>quen así o desexe</b>.</p> <p>O criterio de concesión será a orde de entrada das solicitudes que se presenten no prazo aberto, que cumpran os requisitos da convocatoria e ata o límite orzamentario previsto para cada anualidade (2012 e 2013)</p>
Segundo:	Execución das actuacións de rehabilitación, de acordo co prazo sinalado na cualificación provisional.
Terceiro:	<p>Solicitud de cualificación definitiva (rematadas as obras) e concesión de subvención:</p> <p>O promotor das obras, unha vez terminadas e non máis tarde do transcurso dun mes dende a súa finalización nin máis tarde do prazo outorgado na cualificación provisional, solicitará a cualificación definitiva das actuacións e la concesión da subvención correspondente. Neste momento presentará tamén as <b>facturas</b> das obras e os correspondentes <b>documentos bancarios do seu pagamento (non se admiten pagos en efectivo)</b>.</p> <p>Para o caso de que actuase como promotor das obras unha comunidade de propietarios, as solicitudes de cualificación, xustificación das obras e o seu pagamento, presentaranse polo representante da dita comunidade de propietarios e a solicitude da subvención (pola súa parte correspondente) presentarase por cada unha das persoas físicas, membros da dita comunidade, que participaron nas obras de acordo coa cualificación provisional outorgada.</p> <p>Cobro da axuda</p>

**Prazo:** Ata o 1 de decembro de 2011.

**Axudas compatibles e incompatibles:**

- As subvencións previstas nesta convocatoria son **INCOMPATIBLES** coas axudas establecidas no programa **RENOVE** do Plan de Vivenda e Rehabilitación 2009 – 2012.
- Son compatibles coas axudas que establece o Decreto 44/2011, do 10 de marzo, polo que se regulan as axudas autonómicas para o remate de fachadas e cubertas, rehabilitación e reconstrución de edificios e vivendas nos ámbitos rural, histórico e dos camiños de Santiago

## Anexo I Documentación a presentar:

### **Ademais de cumprimentar o modelo normalizado deberá achegar a seguinte documentación:**

- Para o caso de non autorizar ao Instituto Galego da Vivenda e Solo para obter os datos de identidade no sistema de verificación de datos de identidade, fotocopia compulsada do NIF/CIF do promotor.
- A documentación acreditativa da titularidade do inmovible ou dun dereito real sobre o mesmo, no caso de que se trate de que a rehabilitación se realice para uso propio e o promotor sexa o propietario ou ostente un dereito real sobre o inmovible.
- No suposto de que o promotor das obras sexa o inquilino do inmovible, deberá presentar o contrato de aluguer, xunto coa autorización do propietario para realizar as obras.
- Cando se trate de actuacións para uso propio por actuacións en elementos privativos da vivenda, deberán acreditarse os ingresos ponderados aos que se refire o artigo 45°.2 do Decreto 402/2009. A tal fin, concederáse autorización ao Instituto Galego da Vivenda e Solo para solicitar certificacións de ingresos do IRPF, ou no caso de non autorizar, presentarase a documentación xustificativa dos ingresos da unidade familiar.
- Documentación acreditativa da antigüidade da vivenda e/ou edificio, de acordo co disposto no artigo 46.1 c) do Real Decreto 2066/2008.
- Plano-esbozo da situación da vivenda.
- No suposto de que as obras afecten á distribución do inmovible, deberán achegarse planos que recollan a modificación que se pretende acometer.
- Fotografías a cor de todas as fachadas e do exterior da edificación ou edificacións nas que se pretende obrar. No suposto de que as obras se realicen no interior das vivendas, fotografías a cor de todas as estancias nas que se vaia a actuar.
- Informe do concello da situación da vivenda e/ou edificio nunha parroquia ou no trazado dos Camiños.
- Documentación xustificativa do destino da vivenda a uso habitual e permanente.
- Declaración de outras axudas obtidas e/ou solicitadas para as mesmas actuacións.
- Autorización para que o IGVS poida solicitar os datos ou xustificación de estar ao corrente das obrigas tributarias e sociais ante os Organismos competentes.
- Memoria das actuacións asinada polo promotor da rehabilitación, contendo:
  - a) Descrición das obras.  
Nesta descrición deberase ter en conta o disposto no artigo 58 do Real Decreto 2066/2008 no que se refire ao tipo de actuacións protexibles.
  - b) Ano de construción do inmovible.
  - c) Prazo máximo de execución das obras.
  - d) Orzamento desagregado por partidas (co I.V.E.) asinado polo promotor e o contratista.
- Anexo resumo das actuacións de rehabilitación.
- Anexo específico de vivendas e titulares que participan na promoción dunha comunidade de propietarios.